



FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061

Memoria de responsabilidade social corporativa 2019



FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061

Memoria 2019

Autora: Arantza Briegas Arenas, responsable de Comunicación

Edita: Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

Lugar: A Estrada (Pontevedra)

Ano: 2022

Realización: Arantza Briegas Arenas, responsable de Comunicación
Carlos Álvarez Martínez, Servizo de Sistemas e Tecnoloxías da Información



LIMIAR	7	
FITOS 2019	9	
O 061 DE GALICIA	11	Identificación do centro
	11	Área de referencia
	12	Actividade
	12	Recursos
	13	Estrutura e organización
	14	Organigrama
	17	Central de Coordinación
CIDADANÍA	20	Rede de transporte sanitario urxente-061
	26	Programas asistenciais e especiais
	30	Formación externa
	31	Visitas á Central de Coordinación e ás bases de SVA
	32	Acordos e convenios
	35	Formación interna
PROFESIONAIS	35	Formación doutros profesionais
	36	Concurso RCP para persoal non sanitario
	36	Comisións e grupos de traballo
	36	Mellora da comunicación interna
	36	Medidas de conciliación
	37	Seguridade laboral
	37	Seguridade do paciente
	39	Centro de formación en medicina de urxencias, emerxencias e catástrofes de Galicia
SERVIZOS	41	Dispositivos sanitarios de risco previsible
	41	Simulacros
	42	Servizo de atención ao usuario
	42	Gabinete de Comunicación
	45	Indicadores de saúde
INDICADORES	49	Indicadores ambientais
	53	Investigación: actividade científico-docente
INNOVACIÓN	54	Tecnoloxía
	55	Calidade
	55	Cardioprotección do Camiño de Santiago
	56	Proxecto de aeronaves non tripuladas no Camiño de Santiago
	59	Recursos humanos globais
ECONOMÍA E FINANZAS	61	Recursos financeiros globais
	67	Enderezos
COMO CONTACTAR	68	Teléfonos
	68	Web

Limiar

Na Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 iniciamos, no ano 2019, un período de renovación que se reflicte en todas as súas áreas e especialmente cara á atención á cidadanía. Para amosar todas estas melloras modificamos a estrutura e a presentación dos contidos desta memoria, que incorpora novos apartados como os dedicados á innovación e aos indicadores de saúde, ambientais e sociais que tratan de achegar o servizo público de urxencias e emerxencias galego á cidadanía dun xeito máis sinxelo.

En primeiro lugar, ademais de actualizar o organigrama da Fundación, créase a Subdirección de Procesos Asistenciais da área de Enfermería para integrar os profesionais de enfermería das áreas de coordinación e asistencial.

A partir do mes outubro impleméntase un novo modelo asistencial na Rede de transporte sanitario urxente terrestre, que inclúe dúas ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (SVA) medicalizadas e catro novas ambulancias asistenciais de SVA de enfermería, xunto cunha ambulancia asistencial de soporte vital básico. Así, a nova frota de recursos asistenciais aumenta ata as 12 ambulancias de SVA medicalizadas, catro ambulancias de SVA de enfermería, 107 ambulancias de SVB e dúas ambulancias convencionais. Ademais, os dous helicópteros medicalizados con base en Santiago e Ourense, que dan cobertura a toda a Comunidade Autónoma, incrementan o número horas de voo e comezan a estar operativos desde o orto ata o ocaso, ao tempo que incorporan unhas aeronaves que renovan os equipos de electromedicina e melloran a seguridade de profesionais e pacientes.

Neste ano, seguimos apostando pola innovación coa presentación do proxecto de aeronaves non tripuladas de apoio ao 061 no Camiño de Santiago e a colaboración cos albergues da Xunta, situados no percorrido do Camiño, mediante a cesión de DESA e a formación do seu persoal

Todo isto ao tempo que continuamos traballando na mellora dos nosos programas especiais de atención ás patoloxías de maior incidencia, que suman outros novos programas, como a colaboración no desenvolvemento do Plan do suicidio de Galicia.

Como vedes, o ano 2019 foi un ano cheo de avances, melloras e progresos, todos eles cun único obxectivo, continuar a ofrecer á cidadanía a solución inmediata máis axeitada ao seu estado de saúde, que a través desta memoria compartimos convosco.

Adriana Regueira Pan

Directora da Fundación Pública
Urxencias Sanitarias de Galicia-061



FITOS 2019

- > Ampliación da operatividade dos helicópteros medicalizados desde o orto ata o ocaso
- > Posta en marcha do novo modelo asistencial coa incorporación das ambulancias de soporte vital avanzado de enfermería
- > Conversión do Camiño de Santiago en espazo cardioprotexido
- > Presentación do proxecto de aeronaves non tripuladas de apoio ao servizo 061
- > Establecemento do 061 como número de referencia para o Plan do suicidio en Galicia
- > *Mass training* co gallo do Día europeo da parada cardíaca en Caldas de Reis
- > Convenio de colaboración entre 061 e Cruz Vermella no proxecto Ariadna



1. 1 IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 foi creada no ano 1995 polo Goberno galego ante a necesidade de desenvolver unha estratexia de resposta ás urxencias sanitarias. Trátase dunha entidade sen ánimo de lucro, de competencia autonómica e con personalidade xurídica propia.

A Xunta de Galicia asume a función de protectorado, a través da Consellería de Sanidade. A vinculación entre a Fundación e o Servizo Galego de Saúde-Consellería de Sanidade formalízase mediante contratos programa que permiten vincular o funcionamento da Fundación cos criterios de planificación do Servizo Galego de Saúde e coas necesidades dos usuarios.

O seu obxecto é a realización de actividades de xestión, coordinación, consultoría, asistencia e transporte de pacientes, docencia e investigación, prioritariamente, en materia de atención sanitaria extrahospitalaria.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 encárgase de xestionar e de coordinar a asistencia e o transporte sanitario no medio prehospitalario en casos de urxencia e emerxencia en Galicia. Para tal fin, xestiona a Central de Coordinación da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e a Rede de Transporte Sanitario Urxente de Galicia (RTSUG-061).

1. 2 ÁREA DE REFERENCIA

Provincia	Municipios	Superficie km ²	Total habitantes
A Coruña	93	7.950	1.119.596
Lugo	67	9.858	329.587
Ourense	92	7.274	307.651
Pontevedra	61	4.495	942.665
Galicia	313	29.577	2.699.499

* Fonte: IGE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de <http://www.ige.eu>

1.3 ACTIVIDADE

Actividade xeral	2019	Media diaria 2019	2018	Media diaria 2018
Número de chamadas	1.116.545	3.059	1.111.377	3.045

Resolución da demanda	Totais	Media diaria (%)
Procesos asistenciais totais (PA)	440.503	1.206,86
. PA sen mobilización de recurso (PASR)	141.272	32,07%
PASR consulta médica	138.107	97,76%
PASR asesoría a profesionais	347	0,25%
PASR contacto médico paciente	2.818	1,99%
. PA con mobilización de recurso (PACR)	299.231	67,93%
(PACR solicitados por médicos dos PA con mobilización de recursos)	72.724	16,51%
PACR emerxencias	165.345	55,26%
PACR transporte urxente	106.575	35,62%
PACR visita a domicilio	26.038	8,70%
PACR secundario	1.273	0,43%
Procesos non asistenciais (PNA) informativos(*)	82.651	226,44
. PNA informativos resoltos por médico	7.737	9,36%
. PNA informativos resoltos por teleoperador	74.914	90,64%

1.4 RECURSOS

Recursos móbiles	2019
Ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado medicalizadas	12
Ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado de enfermería	4
Helicópteros medicalizados	2
Ambulancias asistenciais de soporte vital básico	107
Ambulancias convencionais	2

1.5 ESTRUCTURA DE ORGANIZACIÓN

O Padroado é o órgano de goberno, control e representación da Fundación e está integrado polo presidente, vicepresidente, patróns natos e patróns electivos.

> Presidente

Jesús Vázquez Almuiña
Conselleiro de Sanidade

> Secretaria

Laura Recacho Rivas
Subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

> Patróns natos

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Xerente do Servizo Galego de Saúde

Jorge Aboal Viñas
Director xeral de Asistencia Sanitaria

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

María Jesús Piñeiro Bello
Directora xeral de Recursos Económicos

José Antonio Iglesias Vázquez / José Flores Arias
Director da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

> Patróns electivos

Ramón Ares Rico
Xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo

José Antonio Castillo Sánchez
Xefe do Servizo de Neuroloxía do Complexo

Hospitalario Universitario de Santiago

Eloína Núñez Masid
Xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela

Juan Manuel Lázaro Anguis
Facultativo especialista de área do Servizo de Urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro

Fernando Lamelo Alfonsín
FEA do Servizo de HADO da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña

José María Martín Sánchez
Xefe de Servizo de Críticos, Intermedios e Urxencias Pediátricas da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela

ÓRGANOS DE DIRECCIÓN

> Dirección

José Flores Arias

> Dirección de Coordinación

Román Gómez Vázquez

> Dirección Asistencial

Adriana Regueira Pan

> Dirección de Xestión e Servizos Xerais


Raquel Balboa Neira


> Subdirección de Procesos Asistenciais da Área de Enfermería

Óscar Estraviz Paz

1.6 ORGANIGRAMA

No mes de decembro de 2019 modificouse o organigrama da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061. Creouse a Subdirección de Procesos Asistenciais da Área de Enfermería, o Servizo de Transporte Sanitario Urxente e o Servizo de Contratación. Ademais, os servizos de Calidade e o de Atención ao Usuario unificáronse no Servizo de Calidade e Relación co Usuario. Por último, o Gabinete de Prensa renomeouse como Gabinete de Comunicación.





2.1 CENTRAL DE COORDINACIÓN


A Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061 está situada no concello da Estrada. Desde aquí xestiónase e resólvese a asistencia sanitaria ás urxencias e ás emerxencias sanitarias as 24 horas do día, os 365 días do ano na Comunidade galega. Ademais, a través do teléfono 902 400 116 proporcionase o servizo de consulta sanitaria. A Central de Coordinación conta con médicos coordinadores, enfermeiros consultores, operadores, locutores e formadores. É este persoal quen dá resposta ás demandas telefónicas de asistencia sanitaria e, no caso de consideralo necesario, mobiliza os recursos asistenciais axeitados.

As respostas ás demandas de asistencia sanitaria abranguen a atención ás urxencias e ás emerxencias, transporte sanitario urxente, visita domiciliaria, consulta médica, transporte secundario, derivación a atención primaria, derivación telefónica a atención primaria e información breve.

2.2 ACTIVIDADE GLOBAL: CHAMADAS RECIBIDAS

Ano	Total	Media/Día	Demanda	Media/Día
2015	1.245.455	3.412	605.634	1.659
2016	1.179.202	3.222	600.689	1.641
2017	1.108.193	3.036	580.434	1.590
2018	1.111.377	3.045	582.929	1.598
2019	1.116.545	3.059	590.074	1.617


2.1.1 NIVEL DE RESPONDA DA CENTRAL DE COORDINACIÓN




As **1.116.545** chamadas recibidas en 2019 supoñen unha media mensual de 93.045 demandas sanitarias.

O 81,43% das chamadas recibidas na Central de Coordinación obtiveron resposta (tempo comprendido dende a realización da chamada e a atención do teleoperador) en menos de 10 segundos.

2.1.2 XESTIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCESOS ASISTENCIAIS



2.1.3 DISTRIBUCIÓN DOS PROCESOS RESOLTOS CON MOBILIZACIÓN DE RECURSOS (en función do primeiro servizo orixinado no proceso)



2.1.4 RECURSOS MOBILIZADOS EN URXENCIAS E EMERXENCIAS

Tipo de recurso	Total	Media/Día
Ambulancias asistenciais SVA medicalizadas	20.242	55,46
Helicóptero medicalizado	906	2,48
Ambulancias asistenciais SVB	281.772	771,98
Ambulancias convencionais	13.786	37,77
Médico de atención primaria emerxencias	22.803	62,47
Médico de atención primaria visitas	29.059	79,61
Enfermeiro de atención primaria	2.976	8,15
TOTAL	372.456	1.020,43

Tipos de demanda	Total
Accidentes	3.974
Alteración consciencia	2.053
Alteracións da pel	2.553
Consulta e información sanitaria	6.525
Dor	3.353
Febre	6.406
Náuseas e vómitos	2.826
Outros	1.313
Problemas respiratorios	1.070
Procesos por iniciativa de AP ou hospitais	820
TOTAL	30.893

2.2 REDE DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE DE GALICIA-061

No ano 2019 a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 implantou un novo modelo asistencial que incorporou dúas novas ambulancias asistenciais de SVA medicalizadas con base en Monforte de Lemos e na bisbarra do Salnés; catro ambulancias asistenciais de SVA de enfermaría en Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra e Vigo, unha ambulancia asistencial de SVB con base no Carballiño e aumentou a operatividade das ambulancias convencionais de Pedrafita do Cebreiro e Folgoso do Courel ata as 24 horas.

A Rede de transporte sanitario urxente de Galicia-061 queda constituída polos seguintes recursos asistenciais:


> 2 helicópteros de soporte vital avanzado: situados en Santiago de Compostela e Ourense, dotados do material e do persoal sanitario capacitado para prestar asistencia médica *in situ* a pacientes de extrema gravidade.


> 12 ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado medicalizadas: localizadas en Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Foz, Ourense, Pontevedra, Vigo, Mos, Monforte de Lemos, dúas na cidade da Coruña e unha na bisbarra do Salnés. Dispoñen do equipamento necesario para prestar asistencia médica *in situ* aos pacientes graves e asistilos durante o seu traslado.

> 4 ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado de enfermaría: situadas na Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo. Dispoñen de persoal de enfermaría e o material necesario para prestar asistencia sanitaria *in situ* a pacientes graves e asistilos no traslado.

> 107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico: dotadas de dous técnicos en emerxencias sanitarias, capacitados para realizar manobras de soporte vital básico. Todas as ambulancias dispoñen de desfibriladores semiautomáticos. A distribución por provincias é a seguinte: 32 bases na provincia da Coruña con 38 vehículos, 16 bases na provincia de Lugo con 20 vehículos, 15 bases na provincia de Ourense con 17 vehículos e 24 bases na provincia de Pontevedra con 32 vehículos.

> 2 ambulancias convencionais: situadas en Pedrafita do Cebreiro e Folgoso do Courel. Están dotadas dun técnico en emerxencias sanitarias, capacitado para realizar manobras de soporte vital básico e dispón de desfibrilador semiautomático.






2.2.1 ACTIVIDADE DA REDE DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE DE GALICIA-061


Durante o ano 2019 as mobilizacións totais en emerxencias dos recursos da Rede de transporte sanitario urxente de Galicia-061 foron 302.920.

Distribución dos recursos propios mobilizados en emerxencias



2.2.2 MOBILIZACIÓN DAS UNIDADES ASISTENCIAIS DE SOPORTE VITAL AVANZADO EN EMERXENCIAS


As mobilizacións das ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado en emerxencias no punto foron 20.242, cun aumento da actividade con respecto do ano anterior do 10,30%.



Helicópteros medicalizados

No ano 2019, ampliouse a operatividade dos helicópteros medicalizados desde o orto ata o ocaso. O número de servizos en emerxencias realizados polos helicópteros medicalizados foi de 906, cun incremento respecto ao ano anterior do 1,12%.


Mobilizacións helicópteros medicalizados



Tipos de demanda (%)	Ambulancia asistencial SVA	Helicóptero medicalizado
Alteración da consciencia	4.576	28,11%
Accidentes de tráfico	644	4,05%
Dor torácica	2.964	18,31%
Problemas respiratorios	1.873	11,97%
Convulsións	1.288	8,08%

Se incluímos na actividade dos helicópteros os servizos secundarios, atopamos os seguintes datos:


Mobilizacións totais helicópteros medicalizados




2.2.3 RESOLUCIÓN DA DEMANDA DAS UNIDADES ASISTENCIAIS DE SOPORTE VITAL AVANZADO

A resolución da demanda dos recursos asistenciais de SVA foi dun 28,14% no caso das AA-SVA e dun 16,09% no caso dos helicópteros medicalizados do total dos pacientes asistidos, é dicir, un total de 5.672 emerxencias foron resoltas *in situ*, sen necesidade de derivalas a ningún outro recurso asistencial.

Resolución AA-SVA




Resolución helicópteros medicalizados



2.2.4 MOBILIZACIÓN DAS AMBULANCIAS ASISTENCIAIS DE SOPORTE VITAL BÁSICO

As mobilizacións das AA-SVB foron 281.772, cun aumento da actividade con respecto ao ano anterior do 0,24%.

AA-SVB



2.3 PROGRAMAS ASISTENCIAIS E ESPECIAIS

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 conta con programas asistenciais específicos sobre determinadas patoloxías que recollen a información pertinente dos grupos de pacientes afectados.

O obxectivo destes programas é diminuír a mortalidade e a morbilidade a través de sistemas de atención en rede. Deste xeito, redúcese a variabilidade na aplicación de protocolos, garántese a continuidade dos cuidados e foméntase a investigación e a mellora continua.

2.3.1 PROGALIAM

O Programa galego de atención ao infarto agudo de miocardio (Progaliám) implantouse no ano 2005 e foi pioneiro en España na implantación dun sistema asistencial en rede.

Os pacientes diagnosticados de atención ao infarto agudo de miocardio (IAM) nas unidades asistenciais de soporte vital avanzado de Urxencias Sanitarias de Galicia-061 ou nos hospitais que carecen de servizo de hemodinámica son trasladados inmediatamente e dun modo seguro aos centros de referencia correspondentes para acurtar o tempo do tratamento óptimo de reperfusión. Actualmente está considerado como o programa referente na organización dos diferentes niveis asistenciais na atención ao IAM.

2.3.2 ATENCIÓN Á PCR EXTRAHOSPITALARIA

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 desenvolve o control da actividade relacionada co tratamento da PCR nas unidades asistenciais de soporte vital avanzado e da aplicación da desfibrilación semiautomática/automática en Galicia. Así, xestiona os DESA das ambulancias asistenciais de soporte vital básico da RTSUG-061 e os pertencentes a outras organizacións que estean destinados ao manexo por parte do persoal non sanitario. Polo tanto, Urxencias Sanitarias de Galicia-061 é o organismo encargado da autorización, aprobación e rexistro dos DESA externos para o manexo por parte do persoal non sanitario.

2.3.3 ALERTA CORAZÓN

O programa Alerta Corazón, pioneiro en España, ten o obxectivo de diminuír a morbimortalidade da poboación galega por eventos coronarios no ámbito extrahospitalario. Para iso, identifica os pacientes con antecedentes de eventos coronarios agudos (IAM ou anxia inestable) incluídos no programa ou a través da súa tarxeta sanitaria que se poñen en contacto coa Central de Coordinación

Os equipos sanitarios que se despracen aos domicilios disporán de información precisa sobre a súa patoloxía de base, probas diagnósticas e o tratamento prescrito, cos electrocardiogramas previos e co tratamento prescrito.

Actividade	
Expedientes inscritos	2.599
TOTAL PACIENTES INSCRITOS	56.548

2.3.4 ACOUGO

O programa Acougo garante a asistencia sanitaria axeitada nos traslados e ingresos non voluntarios e urxentes de persoas enfermas ou con trastorno mental. Axiliza a resposta dos distintos intervinientes que participan na resolución deste tipo de crise e a na súa atención permanente.

Actividade	
Número de chamadas de demanda	19.296
Total de procesos asistenciais (PA)	17.645
. Sen mobilización de recurso	6.418
. Con mobilización de recurso	11.227
Traslados ao hospital	5.192
Traslados por orde xudicial	156

2.3.5 ALERTA ESCOLAR

O programa Alerta Escolar facilita a atención inmediata e eficiente dos nenos que sofren patoloxías crónicas susceptibles de desencadear crises agudas potencialmente mortais. As patoloxías máis comúns incluídas neste programa son as alerxias a algunha substancia (xeralmente alimentaria), diabetes e epilepsia.

Patoloxía	
Alerxia	2.636
Epilepsia	1.112
Diabetes	720
Outros	1.338
TOTAL	5.855

2.3.6 ALERTA PEDIÁTRICA

Este programa, que se desenvolve en colaboración coa UCI Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), préstalles asistencia e consello telefónico aos pacientes en idade pediátrica que precisan apoio tecnolóxico domiciliario como parte do seu tratamento ambulatorio.

As patoloxías que presentan habitualmente son risco de morte súbita do lactante, risco de apneas, asistencia nutricional, patoloxía neuromuscular e oncolóxica.

Actividade	
Pacientes inscritos	61

2.3.7 HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO (HADO)

O programa de Hospitalización a Domicilio (HADO) garante a continuidade asistencial para os pacientes das unidades HADO dos hospitais de Galicia durante as 24 horas do día, os 365 días do ano.

Os médicos coordinadores da Central de Coordinación poden mobilizar tanto recursos propios como de atención primaria para a atención destes pacientes.

Actividade	
Pacientes inscritos	2.809
Chamadas de pacientes HADO	2.794
Chamadas de pacientes con patoloxía asociada	2.089

2.3.8 ASISTENCIA A DETIDOS

A través deste programa préstase asistencia nun centro de saúde establecido, dun xeito áxil e sen esperas, para evitar posibles situacións violentas ao estar os detidos esposados en espera con adultos, nenos ou persoal sensible. O programa xorde da colaboración entre Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e as áreas sanitarias con atención primaria e a Policía Nacional para facilitar a asistencia de pacientes detidos.

Actividade	
Procesos asistenciais	1.368
Procesos informativos	15
Resolución sen mobilización de recursos	299
Resolución con mobilización de recursos	1.071

2.3.9 PLAN ICTUS

O plan Ictus dálle cobertura a un grupo de enfermidades con sintomatoloxía neurolóxica, cuxo inicio é agudo e súbito. Urxencias Sanitarias de Galicia-061 como porta de entrada ao sistema sanitario significase como o número de referencia para a poboación ante a mínima sospeita de sufrir algún síntoma compatible con esta patoloxía.

Actividade	
Pacientes inscritos	1.911

2.3.10 ALERTA ANXIOEDEMA

Este programa garante a atención urxente dos pacientes diagnosticados de anxioedema hereditario mediante a subministración da medicación requirida nos momentos de crise.

Actividade	
Pacientes inscritos	103
Pacientes atendidos	11

2.3.11 PREVENCIÓN DO SUICIDIO

En outubro de 2019 presentouse o programa Chama, fala. O 061 escoita, enmarcado no Plan de prevención do suicidio en Galicia, como resultado dunha colaboración interdisciplinaria entre a Consellería de Sanidade, Urxencias Sanitarias de Galicia-061, atención primaria e atención especializada.


O 061 convértese no número de referencia para a atención das persoas que amosen ideación ou conduta suicida na Comunidade Autónoma galega. Así, a Central de Coordinación aplica un procedemento para a detección precoz de persoas con risco de suicidio e a mobilización de recursos asistenciais para tratar o paciente no punto e trasladalo aos centros sanitarios de referencia.

2.3.12 VIXILANCIA EPIDEMIOLÓXICA

O Programa de vixilancia epidemiolóxica, desenvolvido en colaboración coa Dirección Xeral de Saúde Pública, rexistra, avalía e comunica todos os rexistros sanitarios que corresponden ao ámbito da vixilancia epidemiolóxica nos casos nos que esta atención é prestada, coordinada e controlada por Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Vixilancia da gripe

A actividade gripal víxíase a través da codificación como gripe ou como infección respiratoria aguda (IRA) das chamadas dos médicos coordinadores recibidas na Central de Coordinación e dos casos rexistrados en atención primaria. Os datos obtidos avalíanse despois cos casos de enfermidades de declaración obrigatoria (sistema SXNOE) e complétanse cos de vixilancia microbiolóxica. O rexistro de todos os datos permite tamén cualificar a actividade gripal en Galicia.




Vixilancia das GEA (gastroenterite aguda)

Os datos das chamadas atendidas polos médicos coordinadores utilízaos o Servizo de Epidemioloxía, dependente da Subdirección Xeral de Información sobre Saúde e Epidemioloxía, para contribuír á vixilancia das posibles ondas epidémicas de afeccións por norovirus.


Os datos obtidos da vixilancia da gastroenterite aguda utilízanse para avisar as residencias de maiores de que empeza a posible circulación de norovirus. Esta alerta estase a facer no momento que chega ao nivel preepidémico.

Chamadas por GEA ao 061 para a tempada 2018/2019



2.4 FORMACIÓN EXTERNA

O Centro de Formación en Medicina de Urgencias, Emerxencias e Catástrofes de Galicia realizou 397 cursos de formación externa en 2019 cunha duración media de 41,25 horas (16.376,25 horas totais no ano) para un total de 3.795 alumnos, unha cifra influída polos cursos máis longos e polas rotacións nas bases medicalizadas e na Central de Coordinación.



2.4.1 ACTIVIDADES FORMATIVAS ESPECIAIS


O Plan integral de atención á morte súbita en Galicia comprende varias liñas de actuación que inclúen:

- > Formación en soporte vital á poboación xeral

Fundamentalmente a través de exercicios de adestramento intensivos e de curta duración que implican un importante número de persoas en cada unha delas como o desenvolvido no mes de outubro en Pontevedra, así como dúas xornadas para traballadores dunha empresa téxtil desenvolvidas na Coruña nos meses de marzo e setembro, ademais da formación de cidadáns a través de Escola de Pais e Profesores desenvolvidas en colaboración coa Consellería de Educación.

- > Continuación do programa RCP na aula

Trátase dun programa de ensino de manobras de resucitación cardiopulmonar básica (RCP) a nenos que cursan o ensino secundario obrigatorio. No ano 2016 acadouse un convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para estender este programa a toda a Comunidade galega.



2.4.2 FORMACIÓN A EMPRESAS

Persoal sanitario de Urgencias Sanitarias de Galicia-061 desprazouse ata a sede dunha empresa téxtil para impartir formación en técnicas de soporte vital básico a traballadores desta coñecida empresa.

A iniciativa, que se desenvolveu durante unha xornada no mes de abril e outra no mes de outubro, foi valorada de forma moi positiva tanto polos empregados que recibiron a formación como polos instrutores de Urgencias Sanitarias de Galicia-061 encargados dela.

2.4.3 ADESTRAMENTO MASIVO EN RCP

Co gallo do Día Europeo da Parada Cardíaca, as consellerías de Sanidade e Educación, Universidade e Formación Profesional reafirmaron a importancia da formación temperá en soporte vital básico coa realización dun adestramento masivo no concello de Caldas de Reis.

Neste acto formativo participaron 226 alumnos de primaria do CPI Alfonso VII de Caldas de Reis que foron adestrados en técnicas de reanimación cardiopulmonar básica por instrutores en soporte vital básico.

2.5 VISITAS Á CENTRAL DE COORDINACIÓN E ÁS BASES DE SVA

A Central de Coordinación e as bases de ambulancias asistenciais de SVA e dos helicópteros medicalizados reciben visitas de persoas interesadas en coñecer as instalacións e a actividade asistencial destes recursos. Trátase principalmente de estudantes, escolares e membros de corpos de seguridade pública.

Visitas recibidas

Central de Coordinación	11
Bases de SVA	5
Central de coordinación e base de SVA	4
TOTAL	20



2.6 ACORDOS E CONVENIOS

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 asina contratos ou convenios con terceiras persoas, de maneira directa ou indirecta, para promover a eficacia, a eficiencia e seguridade do sistema sanitario.

No ano 2019 asináronse os seguintes acordos:

- Acordo de colaboración entre a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, Cruz Vermella e a Sociedade Española de CardioloXía para o fomento da formación en resucitación cardiopulmonar e o incremento da capacitación no uso da desfibrilación automática. Este acordo facilita a coordinación do programa Acude e Axuda coa aplicación Ariadna que permite xeolocalizar desfibriladores en espazos públicos e privados e posibilita o acceso a eles.

- Acordo entre a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e a Axencia de Turismo de Galicia para a cardioprotección do Camiño de Santiago mediante a instalación de desfibriladores externos semiautomáticos e a formación do persoal dos albergues.

- Convenio asinado entre a Consellería de Sanidade, Sergas, Ados, Acis, Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, Ingo e Galaria para a dotación de servizos de telecomunicacións, Internet, mantemento do equipamento de comunicacións e xestión da rede.

Os seguintes convenios de colaboración foron formalizados en anos anteriores e mantivéronse vixentes no ano 2019:

- Acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 para a formación e habilitación do profesorado para o uso de desfibriladores externos semiautomáticos e o desenvolvemento do programa RCP na aula en Galicia.

- Acordo de colaboración entre a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e a Fundación Hospitalaria da Orde de Malta en España (FHOME) para a posta en marcha dun dispositivo de asistencia sanitaria a peregrinos.

- Convenio de colaboración para a atención de lesionados en accidente de tráfico mediante servizos de emerxencias sanitarias para os exercicios 2017-2018-2019-2020.

- Convenio de colaboración entre a Fundación e a Federación de Asociacións de Xordos do País Galego para a asistencia urxente ás persoas xordas.

- Acordo de colaboración entre a Fundación e a Fundación Española do Corazón para promover iniciativas tendentes á difusión das ensinanzas contidas no programa denominado *alertante 061*.

- Acordo de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación para o uso do DESA na piscina universitaria.

- Acordo de colaboración entre o Concello de Lugo e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061. Promoción RCP.

- Acordo de colaboración entre a Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) e a Fundación para a xestión das actividades incluídas no centro de formación en medicina de urxencias, emerxencias e catástrofes para o ano 2007.

- Convenio de colaboración entre Telefónica Telecomunicaciones Públicas TTP e a Fundación para a implantación e prestación do servizo integral de cardioprotección.

- Acordo de colaboración entre a Sociedade Española de Urxencias e Emerxencias (SEMES-GALICIA) e a Fundación.

- Acordo de colaboración entre a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e a Sociedade Española de Pediatría Extrahospitalaria e Atención Primaria. O obxecto do acordo é a realización dun programa docente de formación en simulación pediátrica destinado aos seus profesionais.

- Convenio suscrito coa Fundación Juan Canalejo-Marítimo de Oza para a realización de cursos de soporte vital avanzado (SVA) en trauma, en colaboración coa Sociedade Española en Medicina Intensiva Crítica e Unidades Coronarias (SEMICYUC).

- Convenio de cooperación médica, científica e técnica co sistema e atención médica de emerxencia (SAME) de Bos Aires. Este convenio ten por obxecto xerar entre o 061 de Galicia e o SAME o intercambio permanente, continuo e recíproco de coñecementos e avances científicos, de tecnoloxía e capacitación, dentro do marco da esfera das súas competencias e no exercicio das súas actividades regulares.

- Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación para a formación de médicos internos residentes en materia de urxencias e emerxencias extrahospitalarias.

- Acordo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 para a implantación do programa Alerta Escolar.

- Acordo de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 para a implantación do programa Alerta Escolar na rede de escolas infantís de Galicia.

- Convenio de colaboración entre a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre.

- Convenio de colaboración entre a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e Editorial Compostela-Grupo Correo Gallego.

- Procedemento de relación entre a FPUSG-061 e a Garda Civil (15ª zona) para a cesión de aparellos desfibriladores semiautomáticos.

- Acordo entre a FPUSG-061 e a EOXI de Ferrol para a cesión de aparellos desfibriladores semiautomáticos.


- Convenio para a prestación de asistencia xurídica pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia á Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.



3.1 FORMACIÓN INTERNA

No que respecta ao plan de formación interna, organizáronse 27 cursos, nos que 612 participantes obtiveron a cualificación de aptos e se impartiron 392,5 horas. Polo tanto, a media foi de 22,6 alumnos por curso, cunha duración de 14,53 horas. **Desta formación, dous cursos estiveron dirixidos a persoal non sanitario: Básico de resolución de conflitos interpersoais e Formación en RCP básica para o persoal non sanitario.**

Evolución anual da formación interna



3.2 FORMACIÓN DOUTROS PROFESIONAIS

As bases de SVA e a Central de Coordinación mantiveron as rotacións dos residentes de terceiro e cuarto ano de Medicina Familiar e Comunitaria, e dos residentes doutras especialidades, como os de Enfermería Familiar e Comunitaria. Así mesmo, realizáronse rotacións voluntarias do persoal sanitario da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 en servizos hospitalarios. A Fundación mantén o seu status de unidade docente asociada

recoñecida polo Ministerio de Educación.

Cinco mestres do ciclo medio de formación profesional técnicos en emerxencias sanitarias realizaron 360 horas de rotacións no ano 2019. Por último, persoal sanitario do 061 realizou rotacións voluntarias na Central de Coordinación e voluntarios externos, xunto con persoal do Servizo Galego de Saúde, rotaron nas ambulancias asistenciais de SVA da Fundación.

3.3 CONCURSO DE RCP PARA PERSOAL NON SANITARIO

Conscientes da importancia da formación en técnicas de reanimación cardiopulmonar, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 organizou, no mes de decembro e por primeira vez, un concurso na realización de técnicas de reanimación cardiopulmonar entre o persoal non sanitario.

Previamente á realización do concurso realizouse unha formación básica en manobras de soporte vital básico para todos aqueles traballadores que quixeron participar.

3.4 COMISIÓNS E GRUPOS DE TRABALLO

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 promove unha cultura que fomenta a participación e a innovación do persoal a través de grupos de traballo e comisións asociados a programas e a proxectos. Estes grupos son claves para a mellora continua, a participación e a creatividade das persoas.

En 2019 funcionaron 42 grupos de traballo e comisións que contan cunha elevada participación do persoal sanitario e non sanitario. Seis deles, foron de nova creación: Seag, Sepse, Código Dispnea, Comunicación, Grupo de Traballo das Unidades Asistenciais de SVA de Enfermería e Comisión de Comunicación.

3.5 MELLORA DA COMUNICACIÓN INTERNA

Destaca a implicación da Dirección por mellorar a comunicación no ámbito interno con actuacións dirixidas principalmente a informar o persoal sobre as novidades que supuxo a implementación do novo modelo asistencial nas bases terrestres medicalizadas, especialmente en canto á incorporación de novos recursos e á nova organización de equipos en determinados recursos asistenciais de SVA.

Así, aumentou o número de comunicacións desde a Dirección da Fundación aos traballadores especialmente a través do correo electrónico. Tamén se incrementou o número de reunións con representantes dos traballadores e representantes sindicais.

3.6 MEDIDAS DE CONCILIACIÓN

O persoal da área administrativa de Urxencias Sanitarias de Galicia-061 dispón da posibilidade de solicitar a flexibilidade horaria durante a súa xornada laboral para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar ou por razóns persoais.

Por unha banda, existe a posibilidade de acceder á flexibilidade horaria por conciliación familiar e laboral para traballadores con fillos menores de 12 anos ou con maiores ao seu cargo.

No ano 2019 fíxose efectiva a carreira profesional para os profesionais do Servizo Galego de Saúde e, polo tanto, para o persoal da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

A carreira profesional consiste no dereito dos profesionais a progresar de maneira individualizada como recoñecemento ao seu desenvolvemento en canto

a coñecementos, formación, experiencia, investigación, docencia, así como á súa participación nos obxectivos da organización.

Coa implementación da carreira profesional trátase de establecer o recoñecemento da achega dos profesionais á mellora da calidade, establecer un recoñecemento obxectivo á competencia profesional, xerar máis corresponsabilidade e fomentar a cultura de compromiso co sistema sanitario público, e impulsar unha maior motivación entre o persoal.

3.7 SEGURIDADE LABORAL

En materia de prevención de riscos laborais, na Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 existen un Comité de Seguridade e Saúde Laboral na área sanitaria de Santiago de Compostela (CSS) e un Comité de Seguridade e Saúde Intercentros (CSSI).

Ambos os dous comités son órganos colexiados e paritarios de participación destinados á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos, integrados por representantes dos traballadores e representantes da Fundación segundo estipula a lei.

O CSS está integrado por tres delegados de prevención e tres membros designados pola Dirección.

O CSSI constitúese no ano 2018 e está integrado por cinco delegados de prevención e cinco membros designados pola Dirección.

Ademais, os delegados de persoal son os delegados de prevención en cada unha das bases medicalizadas.

A avaliación, revisión e mellora da xestión dos riscos laborais realízase a través de indicadores establecidos nos procedementos de traballo e dos grupos de traballo

e comisións asociados aos plans para a xestión dos riscos específicos.

Consciente da importancia de implantar e manter medidas e elementos de seguridade laboral nos centros de traballo, no ano 2019 elaboráronse diferentes procedementos, entre os que destaca a elaboración do argumentario e xustificación sobre as competencias do persoal vinculado á creación das unidades de SVA de Enfermería.

3.8 SEGURIDADE DO PACIENTE

A seguridade dos pacientes segue a ser unha das prioridades da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e así, ao longo do ano 2019, destacou o uso polo persoal sanitario asistencial do programa informático de declaración de incidentes adversos relacionados coa seguridade do paciente.

A declaración destas situacións realízase a través da aplicación CIRSP de creación propia, que permite comunicar os incidentes relacionados coa seguridade que posteriormente son analizados por un grupo de traballo que propón medidas que se deben implantar.




4.1 CENTRO DE FORMACIÓN EN MEDICINA DE URXENCIAS, EMERXENCIAS E CATÁSTROFES DE GALICIA


Dende a creación do Centro de Formación impartíronse 224.836,65 horas de clase en 5.151 accións formativas a un total de 98.314 alumnos.

A ratio de alumnos por profesor é inferior a 6, polo tanto, cúmprense as recomendacións no relativo á calidade da formación establecidas polas principais sociedades científicas.

Evolución do número de cursos impartidos



Evolución do número de alumnos formados



4.1.2 DISTRIBUCIÓN E DESCENTRALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE

No que respecta á distribución xeográfica da actividade, as diferentes bases medicalizadas teñen un elevado número de horas de formación. A colaboración con outras institucións do Servizo Galego de Saúde (fundamentalmente a Axencia de Coñecemento en Saúde, ACIS) mantívose un ano máis e implicou na organización da actividade a todas as bases. Isto reflíctese no seu número de horas impartidas.

	Actividades	Horas	Alumnos
A Coruña	74	3.718,5	749
Lugo/Foz	56	2.588	691
Ferrol	23	562	158
Santiago de Compostela	56	1.669	1.195
Pontevedra	94	2.971,5	929
Vigo/Mos	76	3.233,75	638
Ourense	48	2.026	203

4.1.3 ACREDITACIÓN COMO ÚNICO CENTRO DE FORMACIÓN OFICIAL DE SVA DO ICTUS

O Centro de Formación en Medicina de Urxencias, Emerxencias e Catástrofes de Galicia obtivo a acreditación como único centro de formación oficial de soporte vital avanzado (SVA) do ictus en España pola Miller School of Medicine University de Miami.

4.2 DISPOSITIVOS SANITARIOS DE RISCO PREVISIBLE

Con motivo de acontecementos públicos, como congregacións multitudinarias, acontecementos deportivos, visitas de personalidades etc., susceptibles de producir un gran número de feridos, ou aqueles nos que, pola actividade, sexan difíciles de atender, recóllese unha serie de plans de intervención sanitaria, considéranse as posibles situacións e prevese como resolvelas no caso de que aconteza algún incidente.

Dispositivos sanitarios de risco previsible

Total dos dispositivos sanitarios de risco previsible solicitados	294
Total dos dispositivos sanitarios de risco previsible realizados	207
. Dispositivos sanitarios de risco previsible institucionais	3
. Dispositivos sanitarios de risco previsible non institucionais	204
Total asistencias con dispositivos sanitarios de risco previsible realizados	44
. Asistencias con dispositivos de risco previsible institucionais	3
. Asistencias con dispositivos de risco previsible non institucionais	41

4.3 SIMULACROS

Ademais, elabóranse os correspondentes plans de atención sanitaria para situacións de catástrofe ou de múltiples vítimas, nas que un número grande de feridos supera a capacidade de atención do sistema sanitario. Deste modo, establécense obxectivos, normas, procedementos e programas adaptados a cada unha das posibles situacións. Os servizos de emerxencias que traballan en situacións ordinarias están así preparados para facelo nas situacións extraordinarias.

Simulacros e atención en situación de catástrofes e incidentes de múltiples vítimas

Total actividades/simulacros	35
Total incidentes de múltiples vítimas atendidas	70

4.4 SERVIZO DE ATENCIÓN AO USUARIO

Os usuarios da Fundación poden presentar reclamacións, queixas ou suxestións en relación cos servizos prestados. Para isto, poden poñerse en contacto directamente co Servizo de Atención ao Usuario, a través dos teléfonos e do fax (881 547 448 e 881 547 435) ou ben a través do correo electrónico do servizo (atencionalusuario.061@sergas.es).

Actividade	2019
Número total de entradas	880
Reclamacións xestionadas	46
Informes solicitados por xulgados	53
Informes solicitados por particulares	612
Incidencias de transporte*	46
Informes solicitados a empresas de ambulancias	296
Agradecementos**	7

*Incidencias enviadas da sala, que se solucionan maioritariamente coa análise do servizo e falando cos intervinientes

**Persoas que chaman *a posteriori* para agradecer o servizo prestado pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 en todos os seus ámbitos. Inclúe usuarios, bombeiros, policía etc.

4.5 GABINETE DE COMUNICACIÓN

O Gabinete de Comunicación encárgase de transmitirle á cidadanía a carteira de servizos e a actividade de Urxencias Sanitarias de Galicia-061 para garantir unha xestión axeitada dos seus recursos. Actúa como o punto de encontro entre a organización e os medios de comunicación asegurando unha comunicación fluída, constante e veraz.

A actividade do Gabinete de Comunicación cos medios de comunicación consistiu principalmente na realización de notas de prensa, a xestión de entrevistas do persoal do 061 en medios escritos e audiovisuais, colaboracións con medios audiovisuais para programas de divulgación da nosa actividade (*Latexos na cidade* e *Doutor en Galicia*) e presentacións de programas especiais (Chama, fala. O 061 escoita!) e da celebración do Día Europeo da Parada Cardíaca 2019 en Caldas de Reis. Ademais, xestionouse a información sobre a actividade do 061 en determinadas áreas ou concellos, contratacións dos servizos de transporte sanitario urxente, aéreo e terrestre ou do servizo de operación telefónica, entre outras.

Neste ano, púxose en funcionamento un sistema de alertas informativas aos medios de comunicación para informar

dos servizos asistidos polo 061 que se consideran de posible interese informativo coa maior celeridade.

Actualizouse a páxina web de Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e realizouse un importante esforzo cara á renovación constante dos seus contidos, que foron actualizados polo menos semanalmente. Isto supuxo a creación de novos apartados e a actualización dos outros co obxectivo de facilitar a navegación e a dispoñibilidade dos contidos.

Tamén se reforzou a comunicación interna coa comunicación de todas as novidades e modificacións da web para manter informado o persoal.

En 2019, o número de páxinas vistas na web de Urxencias Sanitarias de Galicia-061 foi de 118.861, con 26.445 usuarios e 3,5 páxinas vistas por sesión.


Continuouse a maquetar e deseñar todas as publicacións da organización, principalmente o *Boletín de actualización bibliográfica en urxencias prehospitalarias* e os trípticos das accións formativas do Centro de Formación en Medicina de Urxencias, Emerxencias e Catástrofes do 061.



5.1 INDICADORES DE SAÚDE

5.1.1 PROGALIAM


5.1.1.1 Traslados para anxioplastia (Código 1)



Hospital de destino	Proc. primarios	Proc. secundarios	Total	Retorno pacientes
H. A Coruña	163	87	250	105
H. Álvaro Cunqueiro de Vigo	83	6	89	0
H. Clínico Universitario de Santiago	178	188	366	232
H. Lucus Augusti de Lugo	12	0	12	0
H. Clínico Universitario de Ourense	45	18	63	3

Dos 750 pacientes trasladados para anxioplastia primaria por las unidades asistenciais de soporte vital avanzado, 480 foron diagnosticados extrahospitalariamente nos recursos medicalizados da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e 270 foron trasladados interhospitalarios, dende un hospital sen laboratorio de hemodinámica ao Servizo de Hemodinámica.


A difusión deste programa en atención primaria aumentou o número de anxioplastias que se realizan por indicación directa dende os recursos medicalizados de Urxencias Sanitarias de Galicia-061 fronte ás anxioplastias que se indican dende os hospitais sen sala de hemodinámica, como amosa a seguinte gráfica:



Código 2: fibrinólise

Como parte da estratexia do Progaliam, adminístraselles fibrinólise extrahospitalaria aos pacientes que se atopan nas primeiras dúas horas de dor e que teñen unha distancia ao laboratorio de hemodinámica fóra dos tempos axeitados. Durante 2019 foron 2 os pacientes aos que se lles administrou fibrinólise prehospitalaria nas unidades de soporte vital avanzado da Fundación.


5.1.2 ATENCIÓN Á PCR EXTRAHOSPITALARIA




Durante o ano 2019 rexistráronse un total de 715 RCP que foron realizadas polos recursos asistenciais de soporte vital avanzado e/ou soporte vital básico (con DESA) de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Tipo de asistencia recibida na PCR

A distribución das PCR rexistradas no rexistro Utstein da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 segundo o tipo de recurso que realiza a RCP (AA-SVB con DESA, AA-SVB con DESA e apoio dunha AA-SVA ou AA-SVA soamente), amósase no seguinte gráfico:



A porcentaxe de recuperación de constantes nas PCR atendidas por recursos da Fundación, en función do tipo de recurso que realiza a asistencia, é a seguinte:



5.1.3 ATENCIÓN Á PCR POR UNIDADES ASISTENCIAIS DE SOPORTE VITAL AVANZADO

As unidades asistenciais de soporte vital avanzado de Urgencias Sanitarias de Galicia-061 constitúen un elo fundamental da cadea de supervivencia e achega tanto coidados avanzados de soporte vital como coidados posRCP, mediante a optimización da osixenación e ventilación, a estabilización hemodinámica e o control da temperatura corporal tras a RCE (recuperación da circulación espontánea).

No ano 2019, as ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado asistiron a un total de 715 pacientes que presentaron PCR. Das RCP realizadas, foron atendidos inicialmente por unha ambulancia asistencial de soporte vital avanzado 391 pacientes e acadouse unha porcentaxe de recuperación de constantes do 44%.

Ano	Totais	Ritmo inicial FV	RCP testemuña	Vivo hospital
2019	391	103	178	172

5.1.4 DESFIBRILACIÓN SEMIAUTOMÁTICA EXTERNA POR PRIMEIROS INTERVENIENTES (CÓDIGO 3)

Na estratexia para o tratamento da parada cardiorrespiratoria (PCR) demostrouse que a desfibrilación precoz é o tratamento máis efectivo nas PCR por fibrilación ventricular e taquicardia ventricular sen pulso. Todas as ambulancias asistenciais de soporte vital básico da RTSUG-061 están dotadas de DESA, o que permite achegarlle ao paciente este tratamento no menor tempo posible.

No ano 2019, aplicóuselles o DESA en unidades asistenciais de soporte vital básico da Fundación a un total de 391 pacientes. Deles, 185 pacientes recibiron o apoio dunha unidade asistencial de soporte vital avanzado, tras iniciar a RCP co DESA, cunha recuperación de constantes do 20%.

Ano	Totais	Ritmo inicial FV	RCP testemuña	Vivo hospital
2019	185	57	69	46

En 139 casos a RCP foi realizada nun recurso asistencial de soporte vital básico con DESA e non recibiron apoio dunha unidade asistencial de soporte vital avanzado, cunha recuperación de constantes no punto do 6%.

Ano	Totais	Ritmo inicial FV	RCP testemuña	Vivo hospital
2019	139	19	47	9

5.1.5 XESTIÓN DE RISCOS E SEGURIDADE DO PACIENTE

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 sente unha crecente preocupación pola seguridade dos pacientes, na evidencia de que as intervencións oportunas e adecuadas sobre os problemas que poñen en perigo a seguridade dos pacientes ofrecen resultados que diferencian unhas organizacións doutras.

Durante o ano 2019 destacou a ampla utilización do programa informático de declaración de incidentes adversos relacionados coa seguridade do paciente polo persoal sanitario asistencial (a través da aplicación creada na organización para comunicar incidentes relacionados coa seguridade no paciente e que recibe o nome de CIRSP).

No ano 2019 incrementábase notablemente o número de comunicacións recibidas:

Incidentes adversos	
Erros de medicación	3
Procedementos incorrectos na manipulación de fármacos ou transfusións	1
Dispositivos e equipamentos médicos	3
Xestión organizativa	9
Caída por problemas na padiola	4
Proceso asistencial ou procedemento clínico	29
TOTAL	49

5.2 INDICADORES AMBIENTAIS

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 é consciente da importancia da realización de accións dirixidas á conservación e mellora do medio ambiente. Para isto desenvolveu unha xestión de recursos e activos responsable, aplicando principios de economía circular.

Así, implementáronse as seguintes accións durante o ano 2019.

5.2.1 RECICLAXE DESA

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 decidiu que os desfibriladores externos semiautomáticos (DESA) que se substituíron fosen cedidos aos albergues do Camiño de Santiago co obxectivo de converter estas rutas en espazos cardiosaudables.

5.2.2 RECICLAXE MATERIAL FUNXIBLE

O material funxible almacenado nas bases de soporte vital avanzado terrestre e aéreo é revisado periodicamente e valorado para o seu posterior uso en xornadas formativas cando pola súa caducidade non permite o uso asistencial.

5.2.3 ALIMENTACIÓN SAUDABLE

No centro de traballo do persoal da Central de Coordinación e do persoal de Administración decidiuse substituír os produtos e alimentos ofrecidos nas máquinas expendedoras por produtos saudables como froita, iogures e outros.

Trátase dunha iniciativa innovadora que vixía directamente a saúde de todos os traballadores e a instauración de hábitos sans.

5.2.4 ESIXENCIAS AMBIENTAIS NA CONTRATACIÓN

Co obxectivo de reducir o impacto ambiental producido polos recursos asistenciais da Rede de transporte sanitario urxente, produciuse un incremento paulatino nas esixencias ambientais nos pregos de contratación das ambulancias de SVB e de SVA, así como dos helicópteros medicalizados.

5.2.5 EDIFICIO ECOSOSTIBLE

O traslado ás instalacións do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE) no mes de outubro de 2018 permitiu que o desenvolvemento da actividade do persoal da Central de Coordinación e da Administración se realizase nun edificio construído consolidando a redución do consumo de recursos naturais, posto que dispón de automatismos para diminuír o uso de auga e luz co uso de sensores de presenza nos corredores e nos aseos.

No ano 2019 o edificio do CIAE recibiu o Trofeo Golden Gypsum na categoría non residencial. Este galardón recoñece a excelencia na execución e na profesionalidade de empresas instaladoras e aplicadoras de materiais en edificios e espazos singulares en España e Portugal.

5.2.6 IMPLANTACIÓN DA HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA

Entre as medidas dirixidas á eliminación do papel e ao uso de documentación dixital, implantouse a historia clínica electrónica en todas as unidades de SVA medicalizadas terrestres.

Esta mellora realizouse no eixe de desenvolvemento cos servizos de urxencias dos hospitais e vinculada á implantación do sistema de xestión intelixente dos servizos de urxencias hospitalarias e puntos de atención

continuada (Sigur-Emer).

5.2.7 FACTURACIÓN ELECTRÓNICA

No ano 2019 implantouse a facturación electrónica para todos os clientes de Urxencias Sanitarias de Galicia-061 integrados na Unión Española de Empresas Aseguradoras e Reaseguradoras (Unespa) para o cobramento da prestación de servizos sanitarios en accidentes de tráfico.

5.2.8 DIXITALIZACIÓN REXISTRO DESA

Implantouse tamén a xestión dixital das altas e baixas de desfibriladores externos semiatomáticos externos (DESA) no Rexistro DESA que xestiona Urxencias Sanitarias de Galicia-061 para toda a Comunidade Autónoma.

5.2.9 PROMOCIÓN DO USO RESPONSABLE DOS RECURSOS

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 promove o uso sostible da súa actividade e aconsella o uso responsable dos seus servizos nas súas comunicacións dirixidas á cidadanía a través da web, carta de servizos e campañas de información.



6.1 INVESTIGACIÓN: ACTIVIDADE CIENTÍFICO DOCENTE

6.1.1 PUBLICACIÓNS

- > Boletín de actualizacións bibliográficas en urxencias prehospitalarias nº 12/Boletín de actualizaciónes bibliográficas en urxencias prehospitalarias nº 12.
- > Boletín de actualizacións bibliográficas en urxencias prehospitalarias nº 13/Boletín de actualizaciónes bibliográficas en urxencias prehospitalarias nº 13.
- > Boletín de actualizacións bibliográficas en urxencias prehospitalarias nº 14/Boletín de actualizaciónes bibliográficas en urxencias prehospitalarias nº 14.
- > Memoria Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 2017.
- > Cartel: Mans limpas. Para unha atención segura.
- > Carteis:
 - > Programa Alerta Escolar. Recomendacións ante unha crise convulsiva.
 - > Programa Alerta Escolar. Recomendacións ante unha reacción alérxica.
 - > Programa Alerta Escolar. Recomendacións ante unha reacción hipoglicemia.
- > Tarxeta: Tarxeta código dispnea (galego/castellano).
- > Trípticos:
 - > Plan de formación do grupo de traslado de pacientes con sospeita de infección polo virus ébola e outras viriases importadas/Plan de formación del

grupo de traslado de pacientes con sospecha de infección por el virus ébola y otros virus importados.

> Xornadas de actualización en medicina de coordinación/Jornadas de actuación en medicina de coordinación.

> Taller de asistencia neonatal no parto extrahospitalario/Taller de asistencia neonatal en el parto extrahospitalario.

> Aspectos médico-legais na coordinación sanitaria de urxencia/Aspectos médico-legales en la coordinación sanitaria de urgencia.

> Soporte vital cardiovascular avanzado/ Soporte vital cardiovascular avanzado.

> Xornadas de actualización en medicina de coordinación-061 de Galicia/Jornadas de actualización en medicina de coordinación-061 de Galicia.

> Actualización en patoloxía cardiovascular prevalente/Actualización en patología cardiovascular prevalente.

> Responsable operativo da Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061/ Responsable operativo de la Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061

> Atención ao paciente de cuidados paliativos/ Atención al paciente de cuidados paliativos.

> Básico de resolución de conflitos interpersoais /Básico de resolución de conflictos interpersonales.

> Ecografía para medicina de emerxencias/ Ecografía para medicina de emergencias.

> Outras publicacións:

> Souto Sanmartín, Pablo, J.Antonio Iglesias

Vázquez, Luis Sánchez Santos: "Evaluación de la actuación de los alumnos de tercero de Grado en Enfermería de la USC en un escenario simulado de síndrome coronario agudo con elevación del segmento ST". *Revista enfermería en cardiología* - volume 78. Setembro 2019.

6.1.2 RELATORIOS E COMUNICACIÓNS

Amalia Oubiña González, Óscar Estraviz Paz: **Encuentro Internacional Manejo Avanzado de IMV y Catástrofes**. 8 de febreiro de 2019. Valencia

Óscar Estraviz Paz: **XXXI Congreso Nacional SEMES**. 6 de xuño de 2019. Girona.

Óscar Estraviz Paz: **II Jornadas Nacionales de Soporte Vital Avanzado Enfermero**. 25 de outubro de 2019. Bilbao.

José Antonio Iglesias Vázquez: **Xornadas de PRL**. Galaria. 22 de novembro de 2019. Vigo.

6.1.3 ESTUDOS MULTICÉNTRICOS

Nome	Título	Participantes	Tipo de estudo
OHSCAR	Out of hospital cardiac arrest registry	17 CCAA	Cohortes prospectivas e retrospectivas
IMPACTE	Calidade asistencial e resultados en saúde das patoloxías tempo-dependentes atendidas por servizos de emerxencias extrahospitalarios	15 CCAA (excepto Andalucía e Canarias) + SAMUR	Observacional prospectivo
GenCAD	Gender specific mechanisms in coronary artery disease	Escola andaluza de Saúde Pública + 5 CCAA	Proyecto do ISCIII ampliación dun proxecto EU. Colaboración
NO FEAR	Network Of practitioners For Emergency Medical systems and cRitical care	17 países (España-SAMUR)	Colaboradores

6.2 TECNOLOXÍA

6.2.1 SIGUR-EMER

No ao 2018, iniciouse a implantación do sistema Sigur-Emer nas ambulancias asistenciais de SVA das bases de Pontevedra e Vigo. No ano 2019, estendeuse a todas as ambulancias asistenciais de SVA medicalizadas da Rede de transporte sanitario urxente de Galicia. A través deste sistema pódese acceder ao rexistro común da información de todos os servizos que interveñen na atención ás urxencias.

6.2.2 INTEGRACIÓN PASARELA 061-112

Mediante esta pasarela informática é posible interconectar as aplicacións dos servizos 061 e 112. Deste xeito, as chamadas

sanitarias recibidas na central do 112 e os datos rexistrados na súa aplicación, como o enderezo e as coordenadas, flúen a aplicación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

6.2.3 PASARELA SMS

A pasarela SMA utilizouse inicialmente para a activación de voluntarios no programa Acude e Axuda de atención de casos de PCR na vía pública. No ano 2019 integrouse a baixo nivel co envío de mensaxes SMS do operador telefónico, que permitiu unha latencia ultrabaixa e envíos masivos.

6.3.4 NOVO GIS

O sistema GIS implantouse no ano 2018 e perfeccionouse en 2019. Trátase dun sistema de información xeográfica para localizacións que se emprega na Central de Coordinación do 061. Baseado na tecnoloxía ESRI, está dispoñible de xeito gratuíto mediante un convenio de colaboración entre Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica (Amtega). A cartografía base utilizada é a cartografía gratuíta OpenStreetMap.

6.3.5 FERRAMENTAS PARA O CONTROL DO CÓDIGO FONTE

Implántase a ferramenta TES, enmarcada no Servizo de Sistemas e Tecnoloxías da Información, co obxectivo de mellorar a xestión do código fonte.

A súa aplicación axuda a facer o seguimento dos cambios e a manter un control axeitado das versións.

6.3.6 AMPLIACIÓN DA CAPACIDADE DA CENTRAL DE COORDINACIÓN

Ao longo de 2019 realizouse unha serie de medidas para incrementar a capacidade da Central de Coordinación. Implantouse un sistema de xestión de rechamadas para aqueles casos nos que o segundo nivel de atención (médico ou enfermeiro) non se está dispoñible, que permite deixar o teleoperador

libre para continuar atendendo as chamadas.

6.3 CALIDADE

6.3.1. PREMIOS DE BOAS PRÁCTICAS EN XESTIÓN

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 presentouse á III edición dos premios de Boas Prácticas en Xestión organizado polo Club de Excelencia en Xestión (asociación empresarial dedicada a mellorar a xestión e os resultados corporativos, que ten por obxectivo contribuir á transformación das organizacións a través dunha xestión excelente, innovadora e sostible) e foi finalista na categoría sanitaria.

No ditame do xurado recoñécese o traballo da Fundación Pública Sanitarias de Galicia-061 polo programa de Alerta Escolar.

Este proxecto tamén foi presentado o 21 de novembro de 2019 na Xornada do Foro Excelencia en Sanidade coa finalidade de compartir leccións aprendidas e darlle visibilidade á nosa actividade entre organizacións pertencentes ao ámbito sanitario.

6.3.2 MELLORA NOS PROCESOS

As accións máis destacables desenvolvidas por Urxencias Sanitarias de Galicia-061 están enmarcadas no obxectivo do Plan estratéxico OE 3.1 "Avanzar na xestión por procesos" e centráronse fundamentalmente en aliar a documentación do sistema de xestión da calidade existente ao novo mapa de procesos, así como actualizar os procedementos/ instrucións técnicas que o precisasen.

6.4 CARDIOPROTECCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO

No mes de xullo de 2019, o Camiño de Santiago

converteuse nun espazo cardioprotexido a través dun acordo de colaboración entre a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 e a Axencia de Turismo de Galicia para a instalación de desfibriladores semiautomáticos externos (DESA) e a formación do persoal dos 70 albergues públicos situados ao longo do do Camiño Francés.

A través deste acordo de colaboración mellórase a cobertura sanitaria dos miles de peregrinos que realizan o percorrido do Camiño de Santiago polo territorio galego, especialmente nas rutas máis transitadas, que puidesen necesitar a aplicación dun desfibrilador semiautomático externo no caso de sufrir unha parada cardiorrespiratoria.

A conversión do Camiño de Santiago nun espazo cardioprotexido constitúe unha iniciativa pioneira en todo o territorio nacional e consegue implementar as recomendacións das principais sociedades científicas e guías internacionais de atención ás emerxencias que certifican que a aplicación temperá dos DESA constitúe unha das estratexias máis efectivas para mellorar o pronóstico da morte súbita.

6.5 PRESENTACIÓN DO PROXECTO DE AERONAVES NON TRIPULADAS NO CAMIÑO DE SANTIAGO

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 participa, desde o ano 2018, no desenvolvemento dun proxecto pioneiro para o uso sanitario de aeronaves non tripuladas, financiado con fondos da Unión Europea.

Esta iniciativa supón un importante avance ao transportar, directamente, un desfibrilador semiautomático ata o lugar exacto no que o paciente estea a sufrir unha parada cardiorrespiratoria ou un infarto agudo de miocardio.

A través deste proxecto, o persoal médico e enfermeiro da Central de Coordinación do 061, tras realizar unha consulta telefónica e concluír a sospeita diagnóstica de que o paciente está a sufrir unha parada cardiorrespiratoria, mobilizará as ambulancias máis próximas e máis capacitadas, e valorará o envío dun vehículo aéreo non tripulado con desfibrilador e material médico.

O traslado deste aparello ata o lugar onde se atope o paciente realizarase sempre que se produza unha mellora nos tempos de asistencia, porque, precisamente, estas aeronaves son capaces de desprazarse e chegar a determinados lugares cunha celeridade maior da que dispoñen os medios terrestres.

Así, no mes de setembro presentáronse os pregos para a licitación deste proxecto durante un acto para dar a coñecer o proxecto aeronaves non tripuladas no Camiño de Santiago, no que participou, Urxencias Sanitarias de Galicia-061, no concello de Portomarín.




7.1 RECURSOS HUMANOS GLOBAIS

7.1.1 RECURSOS HUMANOS


Ao longo do ano 2019 incrementouse o número de prazas dotadas de persoal da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 correspondentes aos novos recurso da Rede de transporte sanitario urxente de Galicia-061. En total, dotáronse 37 novas prazas de persoal sanitario.

Prazas dotadas	2018	2019
Equipo directivo	4	5
. Persoal facultativo	102	114
. Persoal de enfermería	74	97
. Persoal non sanitario	43	44
TOTAL	223	260

Distribución por estamentos profesionais




Taxa global de absentismo laboral. Distribución por estamentos profesionais



O persoal da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 destaca pola ampla presenza de persoal feminino, especialmente no caso dos profesionais de medicina e enfermaría e dos mandos intermedios (50%). No equipo directivo e no persoal non sanitario, as porcentaxes a diferenza de sexo entre os profesionais é moi leve.

Distribución do persoal por estamentos profesionais segundo o sexo



7.2 RECURSOS FINANCIEROS GLOBAIS

7.2.1 BALANCE DE SITUACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2019 (miles de euros)

Activo	2019
Activo non corrente	1.026,06
. Inmobilizado intanxible	0,16
. Inmobilizado material	1.025,90
Activo corrente	6.016,59
. Anticipos a acredores	
. Usuarios e outros debedores da actividade propia	
. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	2.550,40
. Periodificacións	8,98
. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	3.457,21
TOTAL ACTIVO	7.042,65
Patrimonio neto e pasivo	2019
Patrimonio neto	588,27
. Fondos propios	75,71
. Dotación fundacional	150,25
. Reservas	1.930,42
. Excedentes de exercicios anteriores	
. Excedentes do exercicio	-2.004,96
. Subvencións, doazóns e legados recibidos	512,56
Pasivo non corrente	24,25
. Provisións a longo prazo	24,25
Pasivo corrente	6.430,13
. Provisións a curto prazo	67,13
. Débedas a curto prazo	64,51
. Acredores comerciais e outras contas a pagar	6.298,49
TOTAL PASIVO	7.042,65

7.2.2 CONTA DE RESULTADOS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO REMATADO A 31 DE DECEMBRO DE 2019


(miles de euros)

Operacións continuadas	2019
Ingresos da entidade pola actividade propia	48.967,20
. Contrato Programa Sergas	48.967,20
Vendas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	6.574,64
. Facturación a terceiros	6.574,64
Aprovisionamentos	-38.099,45
. Servizo de transporte sanitario urxente terrestre	-33.383,80
. Servizo de transporte sanitario urxente aéreo	-2.278,81
. Servizo de operación telefónica	-2.423,27
. Outros aprovisionamentos	-13,57
Gastos de persoal	-18.021,15
Outros gastos da actividade	-1.244,61
Dotación amortización inmovilizado	-326,14
Subvencións, doazóns, e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio	143,92
Outros resultados	
Resultado de explotación	-2.005,59
. Ingresos financeiros	0,71
. Gastos financeiros	-0,08
RESULTADO FINANCEIRO	0,63
RESULTADO DO EXERCICIO	-2.004,96


7.2.3 DATOS DE INGRESOS POR FACTURACIÓN A TERCEROS (miles de euros)

Tipo de servizo	2019
Tráficos Unesca	3.218
Prezo público	3.356
Formación	45


Conta de resultados 2019. Gastos



Conta de resultados 2019. Ingresos




7.2.4 FACTURACIÓN



7.2.5 CONTRATACIÓN

Entre os contratos que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 licitou no ano 2019 destacan a contratación dos servizos de transporte sanitario urxente terrestre e aéreo, e o servizo de operación telefónica.





8.1 ENDEREZOS

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 está constituída polos seguintes centros:

ADMINISTRACIÓN E CENTRAL DE COORDINACIÓN
 Centro Integrado de Atención ás Emerxencias
 Rúa da Cultura s/n
 36680 A Estrada (Pontevedra)

BASES MEDICALIZADAS

Base da Coruña 1
 Rúa Dr. Camilo Veiras, 2
 15009 A Coruña

Base da Coruña 2

Rúa Gregorio Hernández, 2 - 4.º
 15011 A Coruña

Base de Ferrol

Hospital Básico da Defensa-Hospital Naval (Casa das Monxas)
 Estrada de San Pedro de Leixa, s/n
 15405 Ferrol (A Coruña)

Base de Lugo

Centro de Saúde de Fingo
 R/ Harmónica, s/n
 27002 Lugo

Base de Santiago de Compostela

R/ Ramón Baltar, s/n
 15706 Santiago de Compostela

Base de Pontevedra

Delegación Provincial Consellería de Sanidade
 Avda. de Vigo, 16 (interior)
 36003 Pontevedra

Base da bisbarra do Salnés

Hospital do Salnés
 36619 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

Base de Vigo

Hospital Nicolás Peña
 Avenida das Camelias, 109
 36211 Vigo (Pontevedra)

Base de Mos

Hospital Psiquiátrico do Rebullón
 Avda. de Mos, s/n
 36416 Mos (Pontevedra)

Base de Ourense (ambulancia asistencial de soporte vital avanzado)

Hospital Cristal (antigas Urxencias)
 Rúa Ramón Puga, s/n
 32005 Ourense

Base de Ourense (helicóptero)
Hospital Santo Cristo de Piñor
Estrada de Piñor, s/n
32930 Barbadás (Ourense)

Base de Foz
Centro de Saúde de Foz
Rúa Pintor Laxeiro, s/n
27780 Foz (Lugo)

Base de Monforte
Hospital Comarcal de Monforte de Lemos
Rúa Corredoira, s/n
27400 Monforte de Lemos (Lugo)

8.2 TELÉFONOS

Dirección Xerencia
Tel.: 881 546 716

Dirección Asistencial
Tel.: 881 546 717 / 881 547 492

Dirección de Xestión e Servizos Xerais
Tel.: 881 546 764

Rexistro
Tel.: 881 546 644

Departamento de Datos
Tel.: 881 546 745

Gabinete de Comunicación
Tel.: 881 546 405 / 881 546 406

Centro de Formación
Tel.: 881 546 789

Servizo de Calidade e Relación co Usuario
Tel.: 881 547 448

8.3 WEB

www.061.sergas.gal

B